

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O 21 DE NOVEMBRO DE 2016 (EXP.041-SERV16)

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 9:00 horas do día 21 de novembro de 2016, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente da Mesa:D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos.

Vogais: D^a. Gloria M^a Prada Rodríguez (Concelleira de Réxime Interior e Facenda).

D^a. María Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).

Secretario: D. José M^a Valcarce Rodríguez (Técnico municipal de contratación).

Non asisten: A Tesourería municipal nin a Técnico municipal de Rendas.

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa e cumpridas as formalidade esixidas polo RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo RD. 817/2009, de 8 de maio, e polo RD 1098/2001, de 19 de outubro, procedese ao estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

1º- Apertura, en acto privado, dos Sobres A “Documentación Administrativa Previa” dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do ***“SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO, Á XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E A COLABORACIÓN NA XESTIÓN EN MATERIA CATASTRAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.041-SERV16).***

En primeiro termo, polo Secretario da Mesa de Contratación se da conta das empresas concorrentes á licitación segundo orde de entrada das ofertas no Rexistro Xeral municipal e que son as seguintes.-

- Asesores Locales Consultoría, S.A. (NRE. 14928/2016 de 16.11.2016).
- Coordinadora de Gestión de Ingresos, S.A. (NRE. 14929/2016, de 16.11.2016).
- La Auxiliar de Recaudación, S.L.U. (NRE. 14931/2016, de 16.11.2016).
- Servicios de Colaboración Integral, S.L.U. (NRE. 15022/2016 de 17.11.2016).
- Recaudación Recursos Camerales, S.A. (NRE. 15024/2016 de 17.11.2016).

Acto seguido, procédese á apertura dos Sobres A “Documentación Administrativa Previa” dos citados licitadores, resultando o seguinte.-

- Asesores Locales Consultoría, S.A.- A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Coordinadora de Gestión de Ingresos, S.A.-A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Asemade, achega declaración responsable sobre a porcentaxe de persoal minúsválido en plantilla.
- La Auxiliar de Recaudación, S.L.U.-A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). -A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Servicios de Colaboración Integral, S.L.U.-A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). -A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Recaudación Recursos Camerales, S.A. -A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).- A documentación achegada axústase no seu contido ao esixido na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Observándose que non existen defectos a enmendar na documentación achegada polos distintos licitadores, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, admitir á licitación a todos eles e proceder ao estudo do segundo punto da orde do día, a saber.-

2º.- Apertura, en acto público, dos Sobres B “Proposta Técnica” dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do **“SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN Á XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO, Á XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E A COLABORACIÓN NA XESTIÓN EN MATERIA CATASTRAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.041-SERV16)”**.

Polo Secretario da Mesa de Contratación procédese á lectura do contido das cláusulas 10 e 12.2 do PCAP e acto seguido se aperturan os sobres B dos distintos licitadores admitidos resultando o seguinte.-

- Asesores Locales Consultoría, S.A.- Achega Memoria Técnica.
- Coordinadora de Gestión de Ingresos, S.A.-Achega Memoria Técnica.
- La Auxiliar de Recaudación, S.L.U.-Achega Memoria Técnica.

- Servicios de Colaboración Integral, S.L.U.-Acheга Memoria Técnica.
- Recaudación Recursos Camerales, S.A.-Acheга Memoria Técnica.

Acto seguido, pola unanimidade dos membros da Mesa de Contratación e de conformidade co disposto na cláusula 11ª das do PCAP e do artigo 151 do TRLCSP acordase dar traslado dos sobres B dos licitadores concorrentes á técnico municipal de rendas aos efectos de valorar o seu contido segundo o previsto no citado PCAP.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 9:15 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa

O Secretario da Mesa,



VOGAIS

A Concelleira de Facenda e Réxime Interior,

A Interventora Acctal,

O Secretario Xeral,



